

ENQUISA CONTINUA DE OCUPACIÓN HOTELEIRA

Para mellorar a calidade da actividade estatística “Enquisa continua de ocupación hoteleira”, que o Instituto Galego de Estatística realiza dende o ano 1994, en xaneiro do ano 2003 se introduce algún cambio.

Así, pasa a recollerse a maiores o concepto de *viaxeiro entrado* diferente do concepto de viaxeiro que se viña utilizando ata ese momento co obxectivo de homoxeneizar o concepto con outras operacións.

1. Obxectivos e utilidades.

Os obxectivos da Enquisa son os seguintes:

- a) Coñecer os fluxos de actividade dos establecementos que proporcionan aloxamento ós viaxeiros.
- b) Medi-lo movemento estacional dos clientes nestes establecementos.
- c) Analiza-lo grao de ocupación dos establecementos hoteleiros.
- d) Calcula-la duración media das estancias nos devanditos establecementos.
- e) Estudia-la orixe da demanda turística, clasificando os viaxeiros segundo a súa procedencia.
- f) Coñece-la oferta hoteleira na Comunidade galega.

As principais utilidades da Enquisa son:

- a) Ser un indicador socioeconómico de conxuntura, no que respecta á demanda e actividade do sector turístico en Galicia.
- b) Obter índices sintéticos que avalíen a actividade do sector turístico e permitan realizar previsións da mesma a curto prazo.
- c) Constituír un dos elementos utilizados na elaboración da Contabilidade Trimestral de Galicia.

2. Ámbitos de investigación.

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de estudo é o conxunto de establecementos hoteleiros de Galicia, clasificados como hotel ou hostel, calquera que sexa a súa categoría. O establecemento é tanto a unidade directa de investigación como de análise.

Ámbito xeográfico

O ámbito territorial da Enquisa está formado polo conxunto das catro provincias galegas.

Ámbito temporal

O período de referencia dos resultados e da información é mensual.

3. Definicións.

A continuación expóñense as definicións das variables ou conceptos propios da enquisa e das taxas calculadas.

Establecemento hoteleiro. Toda unidade de produción de servicios de aloxamento hoteleiro, situada nun mesmo emprazamento xeográfico e na que traballan unha ou varias persoas por conta da mesma empresa. Un establecemento considérase hoteleiro se a súa actividade principal pertence ó grupo 551 da sección H da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-93).

Viaxeiro Aloxado.

Toda persoa que realice unha ou máis pernoitas seguidas nun mesmo establecemento no mes de referencia dos datos. Esta variable coincide coa que ata xaneiro de 2003 se denominaba “viaxeiro”

Viaxeiro Entrado.

Toda persoa que realice unha ou máis pernoitas seguidas nun mesmo establecemento pero que chegou ó establecemento durante o mes de referencia dos datos. De acordo con esta definición, unha persoa que chegue a un establecemento o día 31 dun mes t e que tamén pernoite o día 1 do mes seguinte ($t+1$), sería contabilizado como un viaxeiro aloxado no mes $t+1$ (pernoctou o día 1) pero non como viaxeiro entrado en dito mes (entrou o día 31 do mes anterior, mes no que si se contabilizaría como viaxeiro entrado).

Pernoita. Ocupación por unha persoa dunha o máis prazas ou dunha cama supletoria dentro de una xornada hoteleira nun mesmo establecemento. Por conseguinte, se unha persoa ocupa no mesmo día prazas en aloxamentos distintos producirá máis dunha pernoita.

Habitación. Cuarto o conxunto de cuartos nun establecemento hoteleiro que constitúen unha unidade indivisible destinada ó alugamento para aloxamento. As habitacións poden ser individuais, dobres ou múltiples segundo estean equipadas permanentemente para aloxar a unha, dúas ou máis persoas.

Praza. Nun establecemento hoteleiro, hotel e hostel, o número de prazas equivale ó número de camas fixas; polo tanto, non se inclúen as camas supletorias e as camas de matrimonio dan lugar a dúas prazas. En definitiva, equivale ó número de persoas que poden pernoctar nas camas instaladas permanentemente no establecemento.

Entre as variables investigadas distínguese entre o número de prazas de capacidade estrutural e ofertada. A diferenza en que mentres a capacidade estrutural indica o volume de prazas dos establecementos hoteleiros que figura no directorio, a capacidade ofertada é estimada a partir da mostra e indica o volume de prazas que realmente están a disposición dos viaxeiros cada mes; nesta última variable estanse a ter en conta todos aqueles casos que fan que un establecemento non oferte, durante todo ou parte do mes, a totalidade das súas prazas.

Camra supletoria. Enténdese por camas supletorias todas aquelas que non teñan carácter fixo e que non estean incluídas nas prazas declaradas oficialmente que constan no directorio.

Grao de ocupación mensual. Esta variable relaciona a utilización efectiva de aloxamento cada mes e a súa capacidade dispoñible no mesmo período, ben ofertada ou estrutural. Defínese como o cociente, en porcentaxe, entre o total de pernoitas do mes (X) e o produto do número de prazas ofertadas ese mesmo mes (Y') polo número de días do devandito mes.

$$G_i = \frac{X}{N^\circ \text{ días do mes} \times Y'} \times 100$$

Desta definición dedúcese que un establecemento pode ter un grao de ocupación inferior ó 100% e non dispoñer de prazas libres, xa que unha habitación dobre ocupada por unha persoa da lugar a unha soa pernoita, aínda que o ocupante dispoña de dúas prazas.

No caso de utilizar camas supletorias, o grao de ocupación pode ser superior ó 100%, xa que o seu ocupante da lugar a unha pernoita e nembargantes non ocupa unha praza.

Estancia media mensual. É o número de días no mes que por termo medio permanece un viaxeiro nun establecemento. Calcúlase como o cociente entre as pernoitas realizadas no mes e os viaxeiros entrados nese mes. (Ata o ano 2003 a variable utilizada no denominador era viaxeiros aloxados).

Grao de ocupación anual. Obtense como o cociente, en porcentaxe, entre o total de pernoitas do ano e a suma dos produtos do número de prazas ofertadas cada mes polo número de días do mes.

Estancia media anual. É o número de días que por termo medio permanece un viaxeiro nun establecemento. Calcúlase dividindo as pernoitas realizadas no ano e os viaxeiros entrados no mesmo ano.

4. Deseño metodolóxico

Marco

O marco é o directorio actualizado mes a mes dos hoteis e hostais de Galicia que xestiona a Dirección Xeral de Turismo. A partir deste directorio se selecciona unha mostra aleatoria de hoteis e hostais.

Tipo de mostraxe

Utilízase unha mostraxe estratificada. As variables utilizadas para estratificar a poboación son provincia, tipoloxía dominante dos establecementos (hoteis ou hostais) e tamaño segundo o número de prazas coa seguinte clasificación:

- Estrato 1: número de prazas ≤ 40
- Estrato 2: $40 < \text{número de prazas} \leq 150$
- Estrato 3: número de prazas > 150

En total formáronse vintecatro estratos, tres para hoteis e tres para hostais, en cada unha das catro provincias galegas.

Tamaño da mostra

A determinación do tamaño de mostra dentro de cada estrato realízase a partir da análise do coeficiente de variación das variables viaxeiros e pernoitas e mantendo un mínimo de alomenos un 15% de fracción de mostraxe.

Os establecementos do estrato 3 son investigados de modo exhaustivo.

Como resultado, en xaneiro de 2003 o tamaño de mostra é de 236 establecementos.

Selección da mostra

En cada estrato seleccionouse unha mostra probabilista, onde a probabilidade de selección de cada unidade é proporcional o seu tamaño, agás para o estrato formado polos establecementos de maior tamaño que se investigaron exhaustivamente.

Estimadores

Os estimadores utilizados nas estimacións do conxunto de Galicia e de cada provincia, son sumas de estimadores de razón en cada estrato de mostraxe, tomando como variable auxiliar a capacidade dos hoteis e hostais segundo o número de prazas.

Os estimadores do total das variables investigadas (número de pernoitas, viaxeiros entrados, viaxeiros aloxados e prazas ofertadas) son:

- Estimador do total para o estrato h do número de pernoitas ou de viaxeiros entrados ou aloxados:

$$\hat{X}_h = \frac{Y_h}{y_h} \cdot x_h = F_h \cdot x_h$$

Onde:

Y_h = Número de prazas do estrato h no ditectorio

y_h = Número de prazas do estrato h na mostra

x_h = Total na mostra de pernoitas ou de viaxeiros entrados ou aloxados

- Estimador do total para o provincia p, do número de pernoitas ou de viaxeiros entrados ou aloxados:

$$\hat{X}_p = \sum_{h=1}^3 \hat{X}_h = \text{Suma dos totais estimados dos estratos da provincia p}$$

- Estimador do total para Galicia, do número de pernoitas ou viaxeiros entrados ou aloxados:

$$\hat{X} = \sum_{p=1}^4 \hat{X}_p$$

- Estimador do total para o estrato h do número de prazas ofertadas:

$$\hat{Y}'_h = \frac{Y_h}{y_h} \cdot y'_h = F_h \cdot y'_h$$

Onde:

$y'_h = \sum_i y'_{hi}$ = Número de prazas ofertadas do estrato h

$y'_{hi} = y_{hi} \cdot A_{hi} = y_{hi} \cdot \frac{\text{Nº días abertos no mes m polo establecemento } i}{\text{Nº días abertos do mes m}}$

A_{hi} = coeficiente de apertura

- Estimador do total para a provincia p do número de prazas ofertadas:

$$\hat{Y}'_p = \sum_{h=1}^3 \hat{Y}'_h = \text{Suma dos prazas ofertadas estimadas dos estratos da provincia p}$$

- Estimador do total para Galicia do número de prazas ofertadas:

$$\hat{Y}' = \sum_{P=1}^4 \hat{Y}'_P$$

5. Recollida da información

Método de recollida

A primeiros de mes, remítese por correo un cuestionario ós hoteis e hostais seleccionados na mostra, no que se lle solicita ó empresario hostaleiro, información sobre o número de viaxeiros entrados e aloxados no mes anterior, así como o número de pernoitas efectuadas.

Cuestionarios utilizados

Utilízase un único cuestionario dirixido ós hoteis e hostais, onde se investigan as características de ocupación dos mesmos: número de días no que o establecemento permanece aberto durante o mes de referencia, número total de viaxeiros aloxados, número total de viaxeiros aloxados clasificados segundo a súa procedencia e pernoitas.